



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 72/142

## INFORME SOBRE O ESCENARIO DE DÉBEDA VIVA ASÍ COMO AQUELA QUE ESTEA PREVISTO CONCERTAR PARA O ORZAMENTO DO ANO 2022

### *Normativa de aplicación*

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se aproban medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001.

A Disposición Adicional décimo cuarta do Real Decreto Lei 20/2011 de 30 de marzo, de Medidas Urxentes en Materia Orzamentaria, Tributaria e Financeira para a Corrección do Déficit Público, foi dotada de vixencia indefinida pola disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, quedando establecidos uns novos límites porcentuais para o cálculo do índice de endebedamento:

- 1) Se o volume total de capital vivo non excede do 75 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, só terán que cumprir os requisitos previstos no TRLFL e normativa de estabilidade orzamentaria.
- 2) Se o volume total de capital vivo se atopa entre o 75% e 110 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, ademais do anterior, deberá contar cunha autorización previa do órgano competente en materia de tutela financeira. En resumo, o límite está no 110 % dos recursos liquidados por operacións correntes, condicionado a que se endebedamento é maior co 75% e menor co 110%, require autorización previa do órgano que ten a tutela financeira, mentres que si o endebedamento é inferior co 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, tan só é necesario facer a comunicación da operación, sempre e cando se cumpran os demais requisitos: Remanente de Tesourería para gastos xerais positivos, Aforro Neto Positivo e cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O artigo 20.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que nos supostos de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ou de débeda pública das Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, todas as operacións de endebedamento a longo prazo da corporación Local incumpridora, precisarán autorización do Estado ou no seu caso da Comunidade Autónoma que teña atribuída a tutela financeira.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:36	Páxina 1 de 3
72/142	CSV: A7A2A2-A1DBB3-DD4A2E-A9ZTUT-7FSKBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 72/142

En consecuencia cos requirimentos, a autorización pode ter causa tanto no incumprimento da Estabilidade Orzamentaria como no coeficiente de endebedamento, todo elo sen prexuízo de que conorra ademais a condición de aforro neto positivo.

Se se deu cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, a matriz de comunicación, autorización ou non autorización é a seguinte:

Posible	Situación	Aforro neto	Débeda viva
1	Poden concertar op. Crédito a longo prazo sen previa autorización	+	< 75%
2	Poden concertar op. Crédito a longo prazo, previa autorización	+	≥ 75% ≤ 110%
3	Non poden concertar op. Crédito a longo prazo	+	> 110%
4	Non poden concertar op. Crédito a longo prazo	-	< 75%
5	Non poden concertar op. Crédito a longo prazo	-	≥ 75% ≤ 110%
6	Non poden concertar op. Crédito a longo prazo	-	> 110%

Se non se da cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, sempre require autorización de quen ostente a tutela financeira.

Por débeda viva se entende a débeda pendente de amortizar a 31/12/n-1, incluídos os avais máis a operación que se pretende concertar.

Obxectivos previstos para o ano 2022.

A Comisión Europea acordou a suspensión temporal do Pacto de Estabilidade e Crecemento, que obriga a manter baixo control o déficit e a débeda. A Comisión Europea e o Consello aprobaron en marzo do ano 2020 activar a cláusula xeral de salvagarda, no mes de setembro do mesmo ano, comunicouse que a cláusula de salvagarda manterase activa en 2021, quedando así mesmo acordada a suspensión para o ano 2022. O Congreso dos Deputados aprobou o 13 de setembro do 2021 a suspensión para o ano 2022.

Dita activación implica que non se suspenden os procedementos do Pacto de Estabilidade e Crecemento, pero permite aos Estados membros pospor e deixar en suspenso a senda de consolidación fixada con anterioridade á crise.

Taxas de referencia de 2022.

En liña coa decisión da Comisión Europea, prorrógase a suspensión das regras fiscais, Como xa ocorreu o ano pasado, o acordo do Consello de Ministros de 27 de xullo de 2021, contempla o mantemento da suspensión das regras fiscais. Esta medida enmárcase na decisión da Comisión Europea de manter a cláusula de salvagarda tamén para 2022. Iso permite dotar aos Estados de maior flexibilidade para afrontar a recuperación.

O Pleno do Congreso dos Deputados en sesión do 13 de setembro de 2021, activou os artigos 135.4 da Constitución e do 11.3 da Lei de Estabilidade Orzamentaria, que permiten aparcas os obxectivos de déficit e débeda en situacións de emerxencia extraordinaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:36	Páxina 2 de 3
72/142	CSV: A7A2A2-A1DBB3-DD4A2E-A9ZTUT-7FSKBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 72/142

En ausencia de regras fiscais, o Congreso non ten que dar o seu visto e prace a uns obxectivos de déficit que se converten en taxas de referencia e que en 2022 serán do 3,9 % do PIB para a Administración Central, do 0,6 % para as comunidades autónomas, do 0,5 % para a Seguridade Social e equilibrio para as corporacións locais.

En relación coa suspensión dos obxectivo de estabilidade financeira, as EE.LL tiñan que limitar o endebedamento ao 3% do PIB no ano 2020. De acordo aos datos publicados polo Banco de España, pecharon ao ano 2020 cun endebedamento do 2,00% do PIB. En particular, o Concello de Vigo non ten endebedamento financeiro, polo que este obxectivo non é avaliable dende o ano 2016.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 166.1.d) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Informase:

O Concello de Vigo non ten a esta data débeda financeira, habéndose amortizado a contía pendente a 31 de xuño de 2016. Non está prevista no estado de ingresos do Proxecto de Orzamento para o ano 2022 en formación a concertación de novo endebedamento, polo que o escenario desta Entidade Local, e de ausencia de débeda financeira.

As contías que puidesen estar rexistradas no Ministerio de Facenda e na Central de Información de Riscos do Banco de España (CIRBE), o serían como consecuencia dos Factoring sin recurso que computan como endebedamento financeiro aos efectos do Protocolo de Déficit Excesivo (PDE) .

Aos efectos de evitar este risco, en ningún contrato se está aceptando a comunicación destas cesións de crédito (FACTORING SIN RECURSO), e so se tomarán en conta os factoring CON RECURSO, que non supoñen cómputo como endebedamento.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro e responsable superior contable e orzamentario: Luis García Álvarez

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

(Delegación de 18 e 26/06/2019, texto consolidado do 04/09/2020)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:36	Páxina 3 de 3
72/142	CSV: A7A2A2-A1DBB3-DD4A2E-A9ZTUT-7FSKBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		